

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
(presidente)
Bravo Bosch, María José
(secretaria)
Barreiro Rodríguez-Moldes,
María Covadonga
Cuevas Alonso, Miguel
Currás Valle, María Consuelo
García González, Silvia
Lima González, Estela

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do venres, **12 de abril de 2024**, ás 12:45 h en primeira convocatoria e ás 13:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **12 de abril de 2024** ás 13:00 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 3 de abril de 2024.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe á acta ao non haber ningunha corrección á mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais das eleccións de representantes de estudantes ao Claustro.

O reitor indica que na documentación enviada aos membros da Comisión Electoral están as reclamacións presentadas. A proposta de Secretaria Xeral é que procede a estimación das mesmas, xa que son iguais na motivación, que non é outra que non aparecer no listado de estudantes porque son tamén persoal investigador.

Apróbanse por asentimento.

3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.

Os censos definitivos, enviados aos membros da Comisión Electoral, teñen que incluír as reclamacións estimadas no punto anterior.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do número de representantes de estudantes que corresponde a cada centro.

Apróbase por asentimento.

5. Sorteio da letra para a elaboración das papeletas de votacións (artigo 9.2.f. do REX).

O reitor, presidente da Comisión Electoral, procede a sortear a letra: V.

A continuación, sortea unha nova letra, que axude ao proceso: N.

6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional de candidatos e candidatas.

A secretaria xeral solicita a delegación para proclamar provisionalmente aos candidatos e candidatas.

Apróbase por asentimento.

7. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 h do día 12 de abril de 2024., da que eu, como secretaria da comisión, dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral